

## PROGRAMACIÓN DOCENTE

### OLLADAS SOBRE A LITERATURA GALEGA

**curso 2017-18**

#### ESQUEMA XERAL

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

#### I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

Nome da materia	Olladas sobre a literatura galega
Código	IV30513
Curso	1º
Créditos Totais	1,5
Horas totais de traballo da/o estudante	37,5
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	1º
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Humanístico

##### I.1. Profesora:

Profesora	Créditos (A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Rita Paredes Cayo	1,5 A	correo electrónico ou despois das clases	vía e-mail <a href="mailto:ritaparedescaio@gmail.com">ritaparedescaio@gmail.com</a>	Galego

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

##### I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:

Cómpre que o alumnado teña competencias de comprensión oral e escrita de lingua galega.

#### II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

Esta materia encádrase no curso 1º do ciclo intensivo do programa de maiores. É unha materia na que se trata de dar a coñecer entre o alumnado a obra de varios escritores e escritoras relevantes da literatura galega. Veremos as biografías de cada autor, a época histórica na que se inscriben e leremos cadansúa obra, que inclúen tanto narrativa como poesía.

A finalidade é que o alumnado poida completar e actualizar os seus coñecementos sobre literatura galega, historia e crítica textual.

**III.- OBXECTIVOS XERAIS**

Que o alumnado do Programa de Maiores se familiarice coa literatura galega, se introduza na lectura en galego a través dos seis autores obxecto de estudo e goce do pracer da lectura.

**IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES**

Espérase do alumnado que:

- Saiba recoñecer con que tipo de texto literario están tratando e en que xénero se encadra.
- Coñeza datos biográficos dos autores e da época histórica na que se inscriben.
- Sexa capaz de facer un comentario crítico e literario básico dos textos cos que se traballa.
- Desenvolva unha lectura atenta e comprensiva.
- Manexe os recursos dixitais que ofrece a rede en relación á literatura galega.

**V.- VOLUME DE TRABALLO**

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	15	0	1,5	22,5	37,5	1,5
<b>Total</b>	15	0		22,5	37,5	1,5

**VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS****Programa teórico**

Tema	Contidos	Duración
1	Rosalía de Castro: <i>Cantares gallegos</i>	3 h
2	Curros Enríquez: <i>Aires da miña terra</i>	2 h
3	Castelao: <i>Cousas e Retrincos</i>	4 h
4	Rafael Dieste: <i>Dos arquivos do trasno</i>	2 h
5	Álvaro Cunqueiro: <i>As crónicas do sochantre</i>	2 h
6	Méndez Ferrín: <i>Con pólvora e magnolias</i>	2 h

**Actividades complementarias (NON OBRIGATORIAS)**

Saída cultural para visitar lugares de interese para a comprensión da materia e da realidade galega na que se insire a literatura galega. Cada curso lectivo procuro cambiar de destino para aproveitar novos museos, exposicións temporais, etc. (8 h.)

É unha saída de día completo que organizo para as tres materias que imparto no programa de maiores.

**Bibliografía básica**

- CASTELAO, *Obras*. Vigo: Galaxia, 1999-2000  
 CASTRO, ROSALÍA DE, *Cantares gallegos*. Vigo: Xerais, 2013  
 CUNQUEIRO, Á. *As crónicas do sochantre*. Vigo: Galaxia, 2000  
 CURROS ENRÍQUEZ, M. *Aires da miña terra*. Vigo: Galaxia, 2004

DIESTE, R. *Dos arquivos do trasno*. Vigo: Galaxia, 1995  
MÉNDEZ FERRÍN, X.L. *Con pólvora e magnolias*. Vigo: Xerais, 2009

### **Webgrafía básica**

Biblioteca virtual galega: <http://bvg.udc.es>  
Fundación Curros Enríquez: <http://www.currosenriquez.es>  
Fundación Rosalía de Castro: <http://fundacionrosaliadecastro.org>

### **Bibliografía complementaria**

CARBALLO CALERO, R. *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Vigo: Galaxia, 1981.  
FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. *Manual de historia da literatura*. Vigo: Galaxia, 1978.  
MÉNDEZ FERRÍN, X.L. *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais, 1984.  
QUEIXAS ZAS, M., *De pergamiños, follas voandeiras e libros ao .gal*. Vigo: Xerais, 2016.  
VILAVEDRA, D. *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1999.

## **VII.- METODOLOXÍA DOCENTE**

Clases maxistras con apoio de diverso material audiovisual: presentacións en power-point, filmes, documentais, visitas a páxinas web relevantes para a materia e para complementar a formación persoal do alumnado.

A metodoloxía é participativa en amplas partes do temario, nomeadamente naquelas referidas á lectura e comentario colectivos dos textos propostos.

## **VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE**

O 50% da nota corresponde á asistencia e participación en al menos o 80% das horas de aula. O 50% restante valorarase de acordo á participación nos debates que se levan a cabo nas aulas.

## **IX.- OBSERVACIÓNS**

A profesora proporá como actividade complementaria para o alumnado a posibilidade de asistir a unha viaxe cultural xunto co alumnado doutras materias que tamén imparte a mesma docente.